

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A CELEBRACIÓN DO CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21 de abril ata o día en que rematen as accións obxecto do convenio, non máis alá do 31 de decembro de 2017 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre o Concello de Ourense e o Consello da Cultura Galega para a celebración do Concerto das Letras Galegas e a súa difusión.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Consello da Cultura Galega organiza todos os anos, para celebrar o Días das Letras Galegas un concerto. No presente ano 2017 o Día das Letras Galegas está dedicado ao escritor Carlos Casares que mantivo ao longo da súa vida una importante relación coa cidade de Ourense, presente tamén na súa obra.

A colaboración entre ambas institucións para a celebración deste concerto, no que interveñen a Real Filharmonía de Galicia xunto co Coro Xove da Orquestra Sinfónica de Galicia, no Auditorio Municipal de Ourense.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao perceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de abril de 2017